



CARREIRA PEDESTRE DE LESTROBE 2026

O luns 12 de outubro de 2026 a partir das 11.00 h o Concello de Dodro organiza a Carreira Pedestre de Lestrobe 2026 na Rúa Fortunato Cruces (Lestrobe) baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago). Esta carreira é unha proba oficial da FGA e pertence ó XII Circuito Provincial de Carreiras Populares organizado pola Deputación da Coruña. A proba de 4k queda excluída das puntuacións do XII circuito da Deputación da Coruña.

Artigo 1. Normativa xeral

- A Carreira Pedestre de Lestrobe 2026 rexerase polas actuais regulamentacións de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana.
- A proba contará con un seguro de responsabilidade civil e tamén contará con un seguro de accidentes.
- Así mesmo a proba contará cun servizo médico-sanitario, que constará dunha ambulancia e un médico.
- A organización resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade, circunstancias que serán comunicadas aos participantes con tempo suficiente. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha alerta laranxa a proba será suspendida automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolve-la e non se devolverán os cartos da inscrición.
- Os participantes na carreira terán á súa disposición o Pavillón Polideportivo de Padrón para que se poidan duchar.
- Así mesmo tamén poñerase a disposición dos corredores un servizo de gardarroupa situado na Unitaria de Lestrobe.
- Os participantes deberán colocarse na liña de saída cando o estableza a organización e os xuíces da competición.
- A participación de atletas estranxeiros e de outras federacións autonómicas rexerase de acordo co disposto no artigo 3.4. do "Regulamento para las competicións de la temporada de campo a través, marcha, carreras en carretera, y reuniones de pista cubierta y aire libre" da tempada que corresponde.
- Reclamacións: deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.
- Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.
- O peche do control na carreira absoluta, producirase ó cabo de 40 minutos a contar desde que o primeiro participante cruce a liña de meta.



Artigo 2. Participantes e control técnico

Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha clasificación conxunta.

O control da carreira estará a cargo do Comité de xuíces da Federación Galega de Atletismo.

Artigo 3. Categorías

- Pavón 2021-2022-2023.
- Pé de Millo 2019-2020.
- Benxamín (sub 10) 2017-2018.
- Alevín (sub 12) 2015-2016.
- Infantil (sub 14) 2013-2014.
- Cadete (sub 16) 2011-2012.
- Xuvenil (sub 18) 2009-2010.
- Júnior (sub 20) 2007-2008.
- Promesa (sub 23) 2004-2005-2006.
- Sénior de 1992 a 2003.
- Veterán/a A: Atletas nados/as entre 1986 e 1991
- Veterán/a B: Atletas nados/as entre 1976 e 1985
- Veterán/a C: Atletas nados/as entre 1966 e 1975
- Veterán/a D: Atletas nados/as antes do 1966
- Participante 4K: Atletas nados ata o 2010

Artigo 4. Distancias e horarios

CATEGORÍA	HORARIO	DISTANCIA	PERCORRIDO	Nº VOLTAS
ÚNICA CATEGORÍA	11.00 H	4.000 M	AMARELO	1
SUB 18, SUB 20, SUB 23, SÉNIOR, VETERÁN A, B, C e D	11.00 H	8.000 M	AMARELO	2
SUB 14, SUB 16	12.00 H	2.200 M	LARANXA	2
SUB 12	12.20 H	1.100 M	VERMELLO	1
SUB 10	12.35 H	900 M	NEGRO	1
PÉ DE MILLO	12.45 H	800 M	VERMELLO	1
PAVÓN	12.55 H	100 M	VERDE	1



Artigo 5. Lugar de saída e percorrido

Saída e chegada

Rúa Fortunato Cruces (Lestrobe)

Establécense 5 percorridos, aos que se darán as voltas indicadas na táboa de distancias.

1. Percorrido verde: 100 M.

2. Percorrido vermello: 800 M.

3. Percorrido negro: 900 M.

4. Percorrido laranxa: 1.100 M.

5. Percorrido amarelo 4.000 M.

Artigo 6. Inscricións

Prazo:

Ata o mércores 7 de outubro de 2026 ás 23.59 h. Non se aceptarán inscricións fora de prazo ou con datos incompletos.

Onde:

www.carreirasgalegas.com

Prezo:

Os prezos de inscrición aprobaranse no Pleno municipal do Concello de Dodro.

- Gratuíto para as categorías de pavóns a cadete (Sub 16).
- 6 € nas categorías xuvenil (Sub 18), júnior (Sub 20), promesa (Sub 23), sénior e veteranos e na proba 4K.

Límite prazas: Haberá un límite de 200 inscritos na carreira de 4K e de 10K.

Artigo 7. Chips, cronometraxe e retirada de dorsais e chips.

Retirada de dorsais:

Na unitaria de Lestrobe (sita na R/Fortunato Cruces) o mesmo día da proba a partir das 9 h. e ata o inicio da mesma.

Cronometraxe e control por chip

Agás os participantes nas categorías pavóns e pés de millo (non competitivas), os demais participantes estarán controlados a través dun chip que se entregará a cada participante xunto co dorsal. (non retornables).

Artigo 8. Premios

Na Carreira Pedestre de Lestrobe 2026 outorgaranse os seguintes:

Camisetas para todos os participantes (ata fin de existencias) nas categorías Pavón, Pé de Millo, Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete.

Trofeo para os/as tres primeiros/as corredores/as en cruzar a liña de meta na proba absoluta 8k, tanto en categoría feminina coma masculina.



Trofeo para os/as tres primeiros/as corredores/as en cruzar a liña de meta na proba absoluta de 4K, tanto en categoría feminina como masculina.

Medalla Podium para os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría feminina e masculina. Excepto categorías Pavón e Pé de Millo (non competitivas), e na proba de 4K que so terán premiacións os/as tres primeiros/as corredores/as.

Trofeo para os/as 3 primeiros/as corredores/as locais masculinos e femininos na proba absoluta. (locais serán aqueles empadroados en Dodro).

Trofeo ao club con mais participantes.

Agasallos. Os participantes nas categorías xuvenil (Sub 18), júnior (Sub 20), promesa (Sub 23), sénior e veteranos recibirán un agasallo técnico.

As **persoas premiadas** deberán presentarse na zona de entrega de premios (na entrada do Centro de Saúde) ó redor das **13.00** horas. En todo caso está previsto comezar coa entrega de premios en torno ás **13.15** horas aproximadamente.

Artigo 9. Servizos

Servizo de gardarroupa

Unitaria de Lestrobe

Vestuarios e Duchas

Pavillón Polideportivo de Padrón

Aparcadeiros:

Zona da feira xunto ó río Sar. (42º 44'02.13" N, 8º 39'44.37" O)

Publicación Resultados

carreirasgalegas.com

Facebook Concello de Dodro

Artigo 10. Outras consideracións

Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de apoio. A non observancia desta norma implicará a descualificación dos atletas acompañados.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación no mesmo.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes nas carreiras.

A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

Artigo 11. Aviso Legal



L.O.P.D.

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.


NOTA

Este circuito pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e *ranking* popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow ,13 - 15008 A Coruña.

Todo o non reflectido no presente regulamento rexerase polas normas vixentes da FGA e RFEA.



MAPA DE SERVIZOS






PERCORRIDOS

PAVÓN – 100 M – 12.55 H



PÉ DE MILLO – 800 M – 12.45 H





SUB 10 – 900 M – 12.45 H



SUB 12 – 1.100 M – 12.20 H – 1 VOLTA

14 E SUB 16 – 2.200 M – 12.00 H – 2 VOLTAS





ABSOLUTA 8 K (SUB 18, SUB 23, SÉNIOR E VETERÁNS A, B , C, D) – 4.000 M – 11.00 H – 2 VOLTAS

ABSOLUTA 4 K (SUB18, SUB 23, SENIOR E VETERÁNS A,B,C,D - 4.000 M – 11.00 H – 1 VOLTA

